

Queridos irmáns,

Oímos fai un instante: “abride os corazóns e escoitade as miñas palabras”. E Xesús dixo un día: “se permanecedes na miña palabra, seredes de verdade discípulos meus; coñeceredes a verdade, e a verdade faravos libres” (Xn 8, 31-32).

En efecto, a nosa liberdade consiste no poder que Deus nos deu de dispoñer de nós mesmos e da nosa vida. Facémolo realmente na medida en que coñecemos a verdade das cousas, de nós mesmos e de Deus; porque entón, se queremos, podemos adherirnos á verdade recoñecida e dar en consecuencia a forma adecuada á nosa existencia.

Nisto todos os homes somos irmáns: na común dignidade da propia conciencia, que busca a verdade e desexa dar forma boa á propia vida en liberdade. Recoñecer e defender este ben do próximo, de cada un, é o principio da fraternidade, do diálogo, da convivencia en paz.

Non queremos perder este ben grande, indispensable, correspondente á nosa dignidade como persoas, no que se expresa o noso respecto real polo próximo e por todos. Más aínda, cremos que é imprescindible para a sociedade enteira recoñecelo, non danalo nin impedilo; pois é un ben fráxil, como a liberdade, como a nosa propia humanidade, que sempre necesita ser coidada.

Este respecto profundo pola procura máis humana da verdade, pola liberdade da conciencia, está nos fundamentos da nosa civilización e habería de ser promovido especialmente en momentos de encontro universais, como a celebración dos Xogos Olímpicos. De aí o inevitable rexeitamento de quen vemos banalizadas ante o mundo enteiro as realidades para nós máis preciosas e decisivas, e distorsionado o seu sentido. Pois, en efecto, nós cremos no Señor Xesús, que nel dásenos a verdade e a graza. E profesamos esta fe do modo máis pleno precisamente na celebración da Eucaristía, no memorial da Última Cea, parodiada na cerimonia de inauguración dos Xogos do modo máis público e expreso.

Amamos ao Señor, porque El amounos primeiro, e celebramos diariamente o sacramento deste amor, o misterio da comunión co seu Corpo e Sangue. Compartimos a caridade do seu Corazón, na que se entregou por nós, alcanzounos o perdón e a reconciliación, e a vida plena, vitoriosa da morte. E aprendemos así a amar como El nos amou e como pediu que fagamos.

A Xesús, realmente presente na Eucaristía, diriximos o afecto do corazón e unha gratitude profunda. Por iso hoxe impórtanos lembrar nós mesmos e dicir ante todos que nel temos a certeza á hora de dar forma á vida e de afrontar a morte, a esperanza do ben definitivo para nós mesmos, os nosos seres queridos e para todos.

Que nós, como persoas libres, demos agora este testemuño, sen subterfuxios nin segundas intencións, é un ben; que todos podamos sempre facelo, é un ben. Que medren as posibilidades de encontro e de diálogo, con todas as riquezas e a diversidade da humanidade de cada un, é o camiño dun futuro bo para a nosa sociedade.

Por iso pode ser oportuno dar testemuño hoxe da nosa fe; o que facemos concretamente renovando xuntos o xesto do noso recoñecemento e amor ao Señor, e a petición ao Pai de perdón polas nosas ofensas ao seu Fillo e ao seu Amor.

Queremos que resoe de novo, para nós mesmos e para os nosos contemporáneos, a verdade da Persoa e da obra do Señor Xesús, expresada na Última Cea. Así, será posible coñecelo tamén no noso mundo de hoxe; adherirse ou non a El en liberdade, desde o propio corazón, con responsabilidade persoal.

Porque, en calquera caso, atoparse coa realidade –en particular a do Evanxeo– será sempre camiño de liberdade para todos. Mentres que non o sería para ninguén, en cambio, quedar nun relato elaborado, non poder atoparse máis que cunha interpretación producida desde ideoloxías diversas. E tanto menor será a liberdade, canto maiores os medios e o poder para impoñer tales relatos como único modo –na práctica– de acceder á realidade, neste caso ao Evanxeo.

Así pois, tamén desde este punto de vista dar o propio testemuño de amor ao Señor, da verdade do Evanxeo, tal como é e nos foi transmitido, é un servizo bo. Xa que, deste xeito, o que sucedeu e nos desgustou a moitos na inauguración dos Xogos Olímpicos de París pode chegar a ser ocasión de diálogo real, de encontro entre persoas e culturas. Para nós, en particular, é ocasión de achegarnos de novo ao Señor, no medio dos desafíos e cuestionamentos, dos relatos e as imaxes que nos interpelan tan directamente.

É ocasión de pedir ante o Santísimo Sacramento pola nosa fe, pola súa firmeza; para que saibamos dar forma á vida, segundo a verdade que recoñecemos ante Xesús Sacramentado; para que atopemos os modos e as palabras de vivir e dicir a verdade do amor de Deus e do amor humano tamén hoxe, nas nosas casas e familias, na nosa sociedade, ante quen o necesite.

E é tamén ocasión para dar grazas de novo, para loar e bendicir ao Señor, que nos conduce como Mestre, Pastor e Amigo. El axúdanos a atravesar e a comprender as circunstancias da nosa vida persoal e social, fai desaparecer os medos á luz do seu amor e da súa verdade, dóanos unha compañía boa para o noso camiñar, e mesmo a graza de saber abirnos ao encontro e establecer o diálogo cos homes do noso tempo.

El é o noso consolo, cotián e perenne; que nos outorgue a graza de ser tamén nós presenza próxima e boa, consolo para quen o necesite; e sempre testemuñas do seu amor e da súa paz na nosa terra e no noso mundo.

+Alfonso,
Bispo de Lugo